

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024987	IES de Soutomaíor	Soutomaíor	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de MÚSICA do 2º curso da ESO. Para a súa elaboración tiveronse en conta as directrices normativas recollidas a continuación:

- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- O Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación en educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.
- A Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, é de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso 2024/25.

O IES de Soutomaior está situado na localidade de Arcade, concello pontevedrés de Soutomaior. Arcade constitúe o núcleo urbano do concello e ocupa a fronte costeira da vila. Nela atopamos os principais servizos económicos (zonas comerciais, porto pesqueiro, etc.), sociais (dispón de numerosas asociacións musicais, artísticas, grupo de teatro, etc.), culturais e de ocio (biblioteca, edificio de charlas e exposicións, porto deportivo, áreas recreativas, praias, punto de paso de peregrinos, etc.), polo que actúa como referente para as aldeas limítrofes. Soutomaior, que cuadriplica en extensión o territorio de Arcade, en cambio, caracterízase por ser núcleo principalmente rural e de maior dispersión da poboación.

O IES de Soutomaior é un centro de recente creación (inaugurado no curso 2018-2019) con alumnado procede na súa maior parte do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, agora reconvertido en CEIP, así como do CEIP de Pontesampaio (Pontevedra).

No curso 2024/25 o centro conta con 4 grupos de 2º da ESO. Nos catro grupos de 2º ESO hai alumnado NEAE e NEE que serán atendidos con todas as medidas ordinarias e extraordinarias necesarias, apoiándonos nas directrices establecidas polo DO e atendendo ao establecido nos diferentes Plans de Pendentes, de Repetidores e de Reforzo educativo.

Os catro grupos están formados por alumnado moi diverso e heteroxéneo que presenta niveis de madurez moi diferente.

- 2º ESO A: 27 alumnas e alumnos
- 2º ESO B: 26 alumnas e alumnos
- 2º ESO C: 26 alumnas e alumnos
- 2º ESO D: 25 alumnas e alumnos.

Dende a materia de música intentaremos abordar todas as necesidades dos cativos e das cativas (tanto as educativas coma as emocionais)

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de, por exemplo, ordenadores E-Dixgal para o uso de ferramentas dixitais. As aulas tamén contan con pizarras dixitais para apoiar o traballo diario na aula (pizarras totalmente novas, adquiridas pola xunta para este curso 2024/25)

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento

integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademáis, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademáis de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoitando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concréntanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentando os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas máis complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demais, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

A materia de Música céntrase en dous bloques ben diferenciados: por unha banda os contidos teóricos, facilitados ao alumnado a través de apuntamentos colgados en Edixgal e os facilitados na aula; estes apuntamentos terán a súa aplicación práctica coa interpretación. Por outra banda estará o traballo práctico desenvolvido na aula constando a práctica instrumental en:

- Partituras escritas e proporcionadas polo profesorado, que poderán ser interpretadas coa frauta ou cos instrumentos presentes na aula.
 - Partituras escritas e compostas polo alumnado, interpretados coa frauta ou cos instrumentos presentes na aula. Neste apartado estarán tamén as improvisacións sonoras partindo das emocións.
 - Partituras sacadas de oído propostas polo alumnado, interpretados do mesmo xeito que as anteriores.
- Dende o curso 2022 - 23, na materia de Música todos os cursos da ESO están incorporados ao proxecto Edixgal. A materia de Música continuarase impartindo en galego. Non hai libro de texto, posto que estamos incorporados ao proxecto Edixgal. Colgaranse os Power Points guía para os apuntamentos, os propios apuntamentos e as tarefas. O departamento de Música do IES de Soutomaior está formado pola Xefa do Departamento: Paula Veiga Sertal, que impartirá clase en 2 dos catro grupos de 2º da ESO, nos 3 grupos de 3º e na materia optativa de 4º da ESO (neste curso, 2 grupos de 4º) e un profesor pertencente ao Departamento de Galego que dará clase en 2 grupos de 2º da ESO: Alejandro Nieves Justo. A reunión de Departamento será os martes a 4ª hora. Na primeira reunión de departamento, ademais da constitución do mesmo, analizarase o nivel do que se parte en cada curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A MÚSICA COMO FENÓMENO FÍSICO	Unidade introductoria sobre os elementos que conforman a música (duración, altura, intensidade e timbre), coa fin de averiguar, a modo de avaliación diagnóstica, qué contidos interiorizou o alumnado na educación primaria, e amplialos. Nesta unidade repasaremos a importancia das catro calidade do son, da escoita activa, do traballo grupal, o funcionamento do aparello fonador e a práctica musical.	17	15	X		
2	A REPRESENTACIÓN DA MÚSICA	Nesta unidade traballaremos os principais elementos rítmicos e melódicos que conforman a música (compases básicos de subdivisión binaria e ternaria, figuras musicais e signos que alongan ditas figuras, notas en clave de sol en 2ª liña, concepto de intervalo...), sempre desde un punto de vista práctico, sentindo o ritmo a través do corpo, do movemento e da percusión corporal, e analizando as melodías a través da escoita activa mediante actividades diversas. Partimos de coñecer os sons e as melodías a nivel auditivo. Partimos da práctica para despois comprender os conceptos desde unha perspectiva teórica.	17	15	X		
3	A VOZ	Nesta unidade identificaremos e tentaremos de evitar os hábitos menos saudables para a voz e o aparato fonador. Por outra banda, reflexionaremos sobre os distintos factores que interveñen na fonación e procuraremos ter unha saúde máis coidada. O alumnado deberá comprender como funciona o aparato fonador e deberá distinguir e identificar os principais tipos vogais, tanto masculinos como femininos, así coma distinguir os tipos de agrupacións vogais segundo o número de membros. Tamén repasaremos a obriga de gozar da escoita activa de audicións de distintos xéneros vogais e interpretar vogal, instrumental e coreograficamente pezas musicais. Por último, reflexionaremos tamén sobre o papel que a música desempeña na nosa sociedade.	10	10		X	
4	OS INSTRUMENTOS	Nesta unidade aprenderemos as características básicas das familias instrumentais (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos), centrándonos principalmente nos instrumentos da tradición musical occidental Europea e as principais	23	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	OS INSTRUMENTOS	agrupacións desta, así como a súa evolución (tríos, cuartetos, quintetos, a orquestra e a súa evolución na historia), estudando nas unidades seguintes outros instrumentos musicais propios doutras culturas e das músicas populares e urbanas.	23	10		X	
5	OS CONTEXTOS MUSICAIS	Nesta unidade identificaremos e recoñeceremos os principais contextos musicais, tamén identificaremos os principais estilos musicais e relacionaremos os distintos profesionais que interveñen no estudo, temporalización, secuenciación, ensino e difusión dos estilos musicais. Comprenderemos as características musicais dos principais estilos, comprendendo a súa evolución ó longo do tempo. Tamén deberemos gozar da escoita activa de audicións de distintos xéneros instrumentais e vogais. Reflexionaremos sobre o papel que a música desempeña na nosa sociedade. A variedade de músicas que existen no mundo é infinita desde as orixes do ser humano. Nesta unidade interpretaremos e estudaremos algunhas músicas de diferentes lugares de España e do mundo, coa fin de apreciar as súas características e as similitudes e diferenzas entre todas elas, así como a súa importancia e influencia nas músicas actuais.	20	10			X
6	A MÚSICA NOUTRAS FORMAS DE COMUNICACIÓN	A música popular urbana xorde no século XX nos Estados Unidos; despois difúndese a Europa a través dos medios de comunicación como a radio, a televisión e o cine. Nesta unidade pretendemos achegarnos ás principais correntes da música actual, analizando e comprendendo as súas características, e desenvolvendo a capacidade crítica no alumnado. A finais do século XIX logrouse por primeira vez capturar o son rexistrándoo nun soporte. Dende aí, a relación entre música e tecnoloxía é continua. As novas tecnoloxías da comunicación e da información están presentes en todo o proceso musical. Sen a tecnoloxía e os medios de comunicación de masas a música popular urbana e a música no cine serían inconcebibles. É importante formar ao alumnado no uso e manexo consciente das distintas ferramentas tecnolóxicas e	13	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A MÚSICA NOUTRAS FORMAS DE COMUNICACIÓN	dixitais para a recepción, edición e creación de música, sempre a través da práctica e implicándose na creación de proxectos grupais que plasmen as súas inquedanzas tecnolóxicas.	13	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A MÚSICA COMO FENÓMENO FÍSICO	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita.	PE	55
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler as partituras propostas con corrección, recoñecendo os elementos básicos que conforman os parámetros do son e recoñecendo a súa representación gráfica na música.		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresarse correctamente á hora de expoñer ideas e explicar os contidos de cada unha das tarefas de investigación determinadas en cada avaliación.	TI	45
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respetar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente nas tarefas grupais, organizando a creatividade e a expresividade nas improvisacións propostas.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresarse cun vocabulario axeitado a través da exposición das emocións relacionadas coa música.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Observar a aplicación práctica dos contidos estudados de xeito teórico.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Observar a dinámica de cada un dos membros do equipo, as aportacións realizadas e o modo de implicación de cada un deles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de graffías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
2	A REPRESENTACIÓN DA MÚSICA	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os principais elementos rítmicos e melódicos nas partituras traballadas: compás, figuras musicais, notas musicais, clave de sol en 2ª liña, intervalos, tipos de melodías.	PE	55
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar con exactitude e cun vocabulario específico os contidos elaborados en cada tarefa de investigación proposta nas distintas avaliacións	TI	45
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demais estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
3	A VOZ	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou máis voces.	PE	55
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar coa voz as diferentes pezas musicais propostas		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Recoñecer as características básicas da música da nosa cultura e doutras culturas explicadas anteriormente		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade segundo a sucesión e tipos de acordes escoitados.	TI	45
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer e explicar nas partituras e obras a executar, os tipos de acordes e funcións tonáis traballados nesta unidade.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar o silencio e a concentración na escoita activa.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar con iniciativa nas actividades de creatividade propostas na aula		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar as ideas e as emocións relacionadas coas actividades de improvisación con confianza e utilizando os recursos aprendidos máis adecuados.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e recoñecer nas partituras traballadas os tipos de acordes e funcións tonáis estudados nesta unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Valorar o noso patrimonio musical e tradicional		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de graffas convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.

UD	Título da UD	Duración
4	OS INSTRUMENTOS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións e clasificalos por familias e época correspondente.	PE	55
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Ler e executar coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características técnicas específicas dos diferentes instrumentos musicais estudados.		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e os elementos de linguaxe musical das obras musicais propostas		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes timbres instrumentais traballados nesta unidade.	TI	45
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar o silencio e a concentración na escoita activa.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar as partituras instrumentais propostas nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou máis voces.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar pezas musicais con corrección, tanto de xeito individual como grupal		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar pezas musicais galegas con corrección, tanto de xeito individual como grupal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Mostrar respecto cara os instrumentos e agrupacións traballados nesta unidade, valorando a súa importancia e influencia nas músicas actuais.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Utilizar ritmos e características propias do folclore musical galego como base para compoñer e improvisar novas obras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.

UD	Título da UD	Duración
5	OS CONTEXTOS MUSICAIS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes texturas e formas estudadas e encadralas na época histórica axeitada.	PE	55
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura das partituras traballadas, os tipos de textura e formas estudados nesta unidade.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as diferenzas entre as formas musicais da música clásica ou culta e as formas musicais da música popular e urbana traballadas nesta unidade.		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar con exactitude e cun vocabulario específico os contidos elaborados en cada tarefa de investigación proposta nas distintas avaliacións	TI	45
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Ser quen de explicar ideas, sentimentos e emocións nas actividades prácticas da aula		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Interpretar cos instrumentos as cancións propostas nesta unidade guiándose pola partitura escrita		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar de xeito correcto as pezas propostas nesta unidade		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar correctamente as pezas musicais propostas nesta unidade		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Participar de xeito activo na planificación da práctica musical da unidade valorando as achegas de todos os membros do grupo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
6	A MÚSICA NOUTRAS FORMAS DE COMUNICACIÓN	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita.	PE	55
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os rasgos característicos das músicas e danzas da nosa cultura: instrumentos utilizados, tipos de compás, estruturas, tipos de danzas.		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Describir as características culturais e sociais das obras propostas do noso patrimonio artístico galego.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar con exactitude e cun vocabulario específico os contidos elaborados en cada tarefa de investigación proposta nesta unidade, de xeito aberto e respetuoso, dentro do seu contexto histórico e cultural	TI	45
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respetar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente nas tarefas grupais, organizando a creatividade e a expresividade nas improvisacións propostas.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar pezas musicais con corrección, tanto de xeito individual como grupal		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas cos elementos estudados nesta unidade, seguindo as pautas dadas polo profesorado.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Valorar e respectar as músicas e danzas do noso patrimonio traballadas e estudadas nesta unidade.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear pezas propias (individuais ou en grupo, musicais ou dancísticas), baseándonos nos elementos propios da cultura musical galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.

Contidos

- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.
- Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.
- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas nalgúns casos para interrelacionarse, de xeito que a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo, é dicir, á vez que traballamos por exemplo a unidade sobre música popular urbana e medios de comunicación, podemos engadir contidos doutras unidades como música e tecnoloxía ou preparando ao alumnado para actuar en público, contidos da unidade música en vivo, co propio repertorio traballado sobre músicas urbanas.

Tamén cabe dicir que en música, os contidos son acumulativos, é dicir, presentamos o traballo sobre ritmo por primeira vez na unidade 2, pero ese traballo de lectura de figuras musicais e compases continuará facéndose ao longo do curso a través do repertorio instrumental, vocal ou corporal das demais unidades, e así ocorre sucesivamente co resto dos contidos presentados.

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos: Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado, outros conceptos novos. Esta forma de aprender levarase a cabo a partir da segunda avaliación a través dos "grupos de música" onde o alumnado seleccionará que canción quere interpretar e, coa axuda da profesora, sacarán de oído as notas que integran ese fragmento de partitura. Na primeira avaliación o instrumento obrigatorio será a fruta e as partituras serán as mesmas para todo o alumnado.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes

obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

Por último, destacar que os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

Neste curso 2024-25, todos os contidos explicados aplicaranse á práctica instrumental, utilizando todos os instrumentos presentes na aula (metalófonos, xilófonos, maracas, caixas chinesas, etc.), a frauta e a voz. O alumnado poderá traer os instrumentos que tocan fóra do ámbito escolar para interpretar as distintas partituras que se montan na aula, ademais de contar con material de percusión na aula.

Para a práctica instrumental podíanse utilizar varias vías:

1- partituras proporcionadas pola profesora, que poderían ser de música clásica, de música moderna, de música tradicional galega, ou de calqueira estilo musical.

2- composicións do alumnado, que realizarían previa explicación da estrutura, tonalidade, acordes, etc sobre as que terían que traballar en equipo.

3- partituras modernas sacadas de oído polo alumnado transcribindo a partitura para os distintos instrumentos que interpretaran dita partitura.

4- improvisacións libres partindo das emocións, tomando a música como medio de comunicación e expresión.

A metodoloxía consistirá en clases interactivas, baseadas na escoita activa nas que utilizaremos de apoio o material colgado en Edixgal, Power Points, pizarras ordinarias, instrumentos da aula, instrumentos propios, etc. Os apuntamentos serán facilitados pola profesora a través do dictado dos mesmos en cada clase. A maiores, colgarase un resumo na plataforma de Edixgal.

Todos estes contidos acompañaranse de audicións activas, visionados de vídeos exemplificativos dos contidos explicados previamente, explicación das partituras facilitadas polo profesorado para o exame práctico, a realización de traballos de investigación por parte do alumnado sobre temas propostos polo profesorado (realizando o profesorado un seguimento da investigación nas clases presenciais) e a súa posterior exposición na aula, etc. Así mesmo, poderán visionarse filmes relacionadas coa historia da música.

Os materiais necesarios para a materia de Música serán: libreta de folios brancos, ou follas brancas soltas e gardadas nunha carpeta, follas de pentagramas ou libretas de pentagramas, os instrumentos de percusión melódica e non melódica presentes na aula, unha frauta e acceso a Edixgal.

Neste curso 2024 - 25, o departamento de Música deixará os apuntamentos en conserxería para facilitar ao alumnado e ás familias a adquisición dos mesmos. Ademais, os apuntamentos serán facilitados polo profesorado nas clases semanais e na plataforma de Edixgal colgarase o material guía a través de Power Points que servirán de referencia para o impartido na aula, xunto cos apuntamentos. Todos estes contidos acompañaranse de audicións activas, visionados de vídeos exemplificativos dos contidos explicados previamente, explicación das partituras facilitadas polo profesorado para o exame práctico, a realización de traballos de investigación por parte do alumnado sobre temas propostos polo profesorado (realizando o profesorado un seguimento da investigación nas clases presenciais) e a súa posterior exposición na aula, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Instrumentos da aula: O departamento dispón da dotación da Consellería máis os instrumentos traídos do CPI Manuel Padín e os mercados polo departamento ao longo destes anos: 2 xilófonos e 2 metalófonos baixos, 4 xilófonos e 4 metalófonos altos, 6 xilófonos e 6 metalófonos soprano, 3 carillóns soprano e 3 carillóns altos, 2 pares de maracas, 4 pares de claves, 2 frautas de émbolo, 2 frautas doces, 2 triángulos, 2 caixas chinesas planas, 2 caixas chinesas redondas, 2 pares de crótalos, 1 coroa de cascabeis, 1 muñequeira de cascabel, 2 pandeiros de 25 cm., 1 aro de axóuxeres, 2 pandeiretas, 1 batería escolar e 1 piano eléctrico. Tamén hai 1 par de bongoes, 1 djembé, 1 banqueta para o piano, 7 atrís e 12 pares de baquetas.

Aula virtual: EDIXGAL para toda a ESO

Materiais do Repositorio Abalar

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc

Na ESO todos os cursos teñen Edixgal. No caso de 2º ESO, ademais de utilizar Edixgal como Aula Virtual, na que se colgan os distintos Power Points explicativos, os apuntamentos e as tarefas de investigación por avaliación. O libro de texto elixido é o libro de música da editorial Netex.

Na aula de Música hai unha Biblioteca formada polos distintos libros de texto que deixan de mostra as editoriais e tamén hai varias enciclopedias sobre a Historia da Música na Biblioteca do instituto. Están tamén os apuntes da materia elaborados pola profesora. Dispón tamén dun encerado pautado para explicar os contidos, dun encerado branco, un corcho para colgar información, cadeiras, un ordenador, un canón e conexión a internet. A maiores, a profesora e Xefa do Departamento comparte co alumnado 2 guitarras da súa propiedade presentes na aula durante todo o curso escolar: unha delas é unha guitarra clásica e a outra é unha guitarra eléctrica Fender co seu amplificador.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde facemos un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestións de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria.

Como instrumentos de Avaliación Inicial utilizaremos:

- Instrumento de avaliación 1: Proba escrita: presentaremos unha pequena partitura onde o alumnado terá que nomear os símbolos que aparecen nela, así como lela e interpretala coa frauta ou instrumentos de praca. Para comprobar o coñecemento dos signos musicais, na propia partitura que se lles entrega terán que sinalar e nomear os elementos indicados e entregala.

- Instrumento de avaliación 2: Táboa de indicadores (exame práctico): O profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán items como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz teranse que ir comprobando ao inicio das sucesivas unidades didácticas ao longo do curso, por iso cada unidade sempre comeza cunha actividade introductoria de coñecementos previos sobre os contidos a tratar. A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	10	23	20	13	100
Proba escrita	55	55	55	55	55	55	55
Táboa de indicadores	45	45	45	45	45	45	45

Criterios de cualificación:

A avaliación na educación secundaria obrigatoria será, tal e como se recolle na Orde do 26 de maio de 2023, continua, formativa e integradora:

- Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
- Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.
- Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.

Tal e como se recolle na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, na ESO realizaranse tres avaliacións parciais e unha avaliación final (unha vez rematadas as clases)

Debido a que a materia é altamente procedimental os CRITERIOS DE AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS serán os seguintes:

1. Criterios de avaliación máis teóricos. Instrumento de avaliación: PROBAS ESCRITAS; puntuarase de 0 a 10 a proba escrita sobre os criterios de avaliación que profundizan sobre a cultura musical, a análise de partituras, as audicións comentadas e sobre os criterios de avaliación teóricos referidos á linguaxe musical. As probas escritas ponderan un 55% da nota final de cada avaliación. O exame escrito contará con algunhas preguntas curtas e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo nalgunhas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre. O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade presentes na aula. Este exame ponderará un 45% da nota final da avaliación. O 10 % restante realizarase a través de probiñas de aula realizadas ao longo da avaliación (avaliación procedimental). O obxectivo destas probiñas é garantir que todo o alumnado vai entendendo a materia ao longo da avaliación antes da proba final.

2. Criterios de avaliación máis prácticos: PRÁCTICA INSTRUMENTAL. Instrumento de avaliación: TÁBOAS DE INDICADORES; puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, etc sendo logo un 35 % da nota final. A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas. En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

3. TAREFA DE INVESTIGACIÓN. Instrumento de avaliación: TÁBOA DE INDICADORES; puntuarase de 0 a 10 e consistirá

nun power point ou programa de diapositivas no que se reflicta o máis esencial sobre un tema a elixir. O seu peso final é dun 10% (un 5% corresponde á realización e entrega do traballo, axeitado aos criterios de avaliación da unidade correspondente, e outro 5% á exposición oral na clase do traballo). A táboa de indicadores para este apartado aparece reflectida nos criterios de avaliación de cada unidade (p.ex. CA2.2, CA1.2, etc)

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5 (4,75). Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.75 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.75 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.75 a nota será 8.

A AVALIACIÓN FINAL será o resultado de aplicar a media aritmética entre as tres Avaliacións Parciais, elixindo as medias con decimais (non os números enteiros que van por defecto no Xade) No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 nalguna das tres avaliacións, realizaranse actividades de recuperación dos criterios de avaliación teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades poderán ser de dous tipos: por unha banda, actividades novas deseñadas para tal fin e, por outra banda, actividades xa realizadas ao longo da avaliación que poidan servir como actividades de repaso.

O PROCEDIMENTO de recuperación das avaliacións suspensas será levado a cabo ao finalizar cada unha das avaliacións.

Instrumentos: PROBA ESCRITA: Constará nunha proba escrita cos criterios de avaliación das avaliacións suspensas (repasados nas actividades de apoio e reforzo).

Por outra banda, se quere optar ao 10 na avaliación a recuperar, deberá repetir o exame práctico das cancións dese trimestre e o traballo de investigación tamén (TÁBOAS DE INDICADORES).

O CRITERIO DE CUALIFICACIÓN será a realización das probas escritas das avaliacións suspensas que ponderan un 55% da nota de cada avaliación, mantendo as notas obtidas nos outros bloques (se quere conservar as cualificacións) ou realizando a proba práctica (35%) e a tarefa de investigación (10%). A nota final será obtida da media aritmética das tres avaliacións, cos resultados acadados nas recuperacións.

Para o alumnado que acade unha cualificación igual o superior a 5 nas avaliacións parciais, realizaranse actividades de apoio, reforzo e ampliación susceptibles de mellora, coa posibilidade de mellorar a súa cualificación de cara á avaliación final avaliación por avaliación (coma o alumnado suspenso) ou no mes de xuño (co alumnado que teña que recuperar a terceira avaliación). O CRITERIO DE CUALIFICACIÓN para estas actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos quedarán recollidos na nota da avaliación parcial a mellorar para facer a media aritmética de cara a Avaliación Final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 2º da ESO non ten a materia de Música pendente, xa que en 1º da ESO non hai Música.

A pesar de non haber alumnado con Música pendente, pode haber alumnado repetidor, para o cal, tal e como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021 sobre a atención á diversidade, deberá establecerse un Plan de Repetidores que consistirá en:

- identificar ao alumnado repetidor
- análise das súas necesidades educativas
- as medidas ordinarias que se aplicaron no curso anterior (de existir)
- as estratexias metodolóxicas que se van aplicar neste curso (no caso de Música entregaranse uns exercicios de reforzo dos contidos mínimos días antes dos exames para facer fincapé nos mesmos)
- de ser necesario, que medidas extraordinarias se ofertarán
- información ás familias, ao titor/a, ao Departamento de Orientación e á Xunta de avaliación

RECUPERACIÓN DA MATERIA PARA O ALUMNADO DE 3º ESO CON MÚSICA PENDENTE DE 2º ESO:

1. Aprobarán a pendente se superan a primeira avaliación de 3º ESO (O Departamento de Música considera acadados estes mínimos superando a Primeira Avaliación deste novo curso porque na Primeira Avaliación sempre se fai un repaso aos criterios de avaliación impartidos no curso anterior a través do Tema 0).
2. No caso de non superar dita avaliación, farán unha proba escrita a partires da segunda avaliación que incluírá cuestións relativas aos criterios de avaliación máis relevantes do curso anterior, ademáis dunhas tarefas de reforzo / caderniños que serán entregadas pola profesora ao longo do curso: terán unha oportunidade na segunda avaliación (no mes de xaneiro 2025 será entregado un caderniño de reforzo do cal sairá o exame de recuperación) e a segunda oportunidade na avaliación final (na primeira semana de marzo de 2025 será requerido o caderniño de reforzo)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A proba escrita puntuarase sobre 8 puntos e quedará superado sempre e cando o alumno acade un 3 e presente as tarefas de reforzo ben realizadas (que sumarán dous puntos na nota do exame).

A NOTA PARCIAL e FINAL da materia pendente será a nota obtida na primeira avaliación de 3º ESO (no caso de aprobar). No segundo suposto, a nota parcial da 1ª avaliación será a obtida na 1ª avaliación de 3º ESO. O resto das avaliacións serán as obtidas da entrega do boletín e da nota do exame teórico (20% + 80%) e a nota final, a media aritmética da 2ª e 3ª avaliación.

A Xefa do Departamento publicará os días e as horas dispoñibles para que o alumnado coa música pendente poida acudir a solventar as dúbidas, a pesar de que a Aula de Música está normalmente aberta todos os recreos para todo o alumnado que o precise.

PARA O ALUMNADO DE 4º ESO CON MÚSICA PENDENTE DE 3º ESO, a recuperación da materia está especificada na Programación de Música de 3º da ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas ordinarias de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe.

O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará tarefas de apoio en aula e codocencia, e a PT colaborará co profesorado en diferentes materias, priorizando a súa labor nas materias instrumentais. Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións. Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

As medidas de reforzo educativo son medidas flexibles que se poden incorporar ou abandonar en función das necesidades que se vaian detectando ao longo do curso. Realizaranse medidas organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademáis de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa finalidade de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos

xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia. Non se aprecian medidas extraordinarias neste curso escolar.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións. Algúns destes cativos e cativas serán situados en primeira fila para poder observar mellor a súa evolución dentro da aula e procurar que non se despisten co que acontece ao seu arredor. Un deles estará situado na miña mesa como medida excepcional de atención individualizada.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir. Unha ferramenta a utilizar é a mensaxería Abalar para comunicarse coas familias informando das datas das probas, das tarefas a entregar e da evolución do alumnado en xeral.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico					X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual					X	X

Observacións:

- **Comprensión lectora:** Traballarase en todas as unidades, xa que para poder entender os contidos de linguaxe musical e os teóricos é necesaria unha boa comprensión lectora.
- **Creatividade:** traballarase en todas as unidades a través da práctica instrumental, vocal e corporal.
- **Autonomía:** traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
 - **Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial:** traballarase en todas as unidades a través das actividades prácticas que implican creación de proxectos grupais.
 - **Igualdade entre sexos:** traballarase a través de todas as unidades grazas á utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
 - **Consumo responsable:** fomento do espírito crítico. Traballarase principalmente nas unidades 5 e 6. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
 - **Respecto mutuo:** educación emocional e en valores. Traballarase a través de todas as unidades coas actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto
 - **Expresión oral e escrita:** traballarase en todas as unidades a través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
 - **Competencia dixital e comunicación audiovisual:** unidades 5 e 6 a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas (Concerto) en Santa Cecilia, no festival das Letras Galegas ou Final de Curso	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público no festival de Santa Cecilia, no festival das Letras Galegas ou a final de curso.	X		X
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo.			X
Actividades propostas polo Concello vinculadas á Música	O Concello de Soutomaior sempre realiza actividades vinculadas coa música (o curso pasado o alumnado de 3º ESO e 4º ESO asistiu a unha ópera moderna titulada "Papagena")	X	X	

Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Acadado / Non acadado / Mellorable
Medidas de atención á diversidade
Acadado / Non acadado / Mellorable
Clima de traballo na aula
Acadado / Non acadado / Mellorable
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Acadado / Non acadado / Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumna e alumno a final e curso.

Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Medidas de atención á diversidade: se as medidas de atención á diversidade son as máis efectivas ou son insuficientes para atender ao alumnado NEAE e NEE
- Metodoloxía empregada: se a metodoloxía utilizada consegue implicar a unha alta porcentaxe de alumnado, non, etc

Tido en conta todo o anterior, o Departamento elaborará as propostas de mellora. Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados